

Con base no anterior e á vista de todos os documentos obrantes no expediente propoño ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei:

1º.- Aprobado inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo (última modificación aprobada definitivamente e publicada no BOP de Lugo o día 5 de abril de 2022) no que se refire á modificación das funcións do posto de Vixiante e a creación do posto 03.6 de auxiliar administrativo.

2º.- Aprobada inicialmente procede publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e exposición o público por un período de vinte días conforme establece o artigo 202 da lei de Función Pública de Galicia

Outeiro de Rei, 9 de maio de 2024.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R.1355

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Plan municipal de prevención de incendios forestais

Expediente número: 3846/2022

Asunto: Anuncio no Boletín oficial da provincial relativo á aprobación definitiva do Plan municipal de prevención de incendios forestais

Mediante o presente, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, infórmase que mediante resolución da alcaldía de data do 8 de maio do 2024 á proposta formulada polo concelleiro don Luis Fernández Álvarez con código PR/2024/791, foi aprobado definitivamente o o plan municipal de prevención de incendios redactado pola Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A con CIF A12017207.

O texto íntegro do referido documento pode ser consultado polos interesados na sede electrónica da Corporación, tanto no taboleiro de anuncios, ata do cinco de xullo, coma no portal de transparencia.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa) , no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Si optáse por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Vilalba, 10 de maio do 2024.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1360

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – XERMADE

Anuncio

APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A FAMILIAS POLO NACEMENTO, ADOPCIÓN OU ACOlLEMENTO DE FILLO/A, ANO 2023-2024. EXPTE. 84/2024.

BDNS (Identif.): 760241

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/760241>)

APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A FAMILIAS POLO NACEMENTO, ADOPCIÓN OU ACOlLEMENTO DE FILLO/A, ANO 2023-2024. EXPTE. 84/2024.